

Recomendación dirixida á Deputación de Lugo no sentido de atender a solicitude de división da liquidación do IBI entre cotitulares según os porcentaxes de propiedade

Expediente: L.4.Q/ 6431/21

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Sr. Presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Nesa queixa esencialmente indicaba que malia ter identificados os restantes cotitulares da parcela da que a interesada posúe o 7,78%, desde a Deputación de Lugo xiráronlle a cuota completa ademais de un recargo por pagar fora de prazo.

SEGUNDO. A interesada presentou reclamación diante da Deputación de Lugo o día 29/09/2020 e diante do concello de Bóveda. A Deputación de Lugo respostou á reclamación o día 04/03/2021; o concello non contestou á interesada. A interesada presentou queixa diante desta institución.

TERCEIRO. Ante iso requirimos informe a esa Deputación, que nolo remitiu. O informe sinala que:

(...) (la interesada) solicita la anulación del recibo emitido a su nombre, el desglose de la cuota del IBI de la finca referenciada girando recibos individuales conforme a los porcentajes de propiedad que figuran en Catastro y la emisión de un nuevo recibo a su nombre con el importe correspondiente a su porcentaje de propiedad en el inmueble que es del 7,61%, por considerar que en tanto no se proceda a su desglose el recibo se debería girar a nombre del heredero o herederos de XXXXXXXX por ostentar el porcentaje mayoritario en la propiedad del inmueble.

La Sede Electrónica del Catastro confirma que el día 18/04/2018 en el expediente de la Gerencia Territorial de Lugo núm. XXXXXXXXXX se inscribe en el Catastro Inmobiliario la titularidad del inmueble a nombre [REDACTED] con [REDACTED] y un derecho de propiedad del 7,61%.

Así mismo, se confirma que constan como titulares del Inmueble, Herederos de [REDACTED] con distintos porcentajes de participación en la propiedad del inmueble

Los registros informáticos de este Servicio confirman que en los datos que existen en el padrón del IBIU del Concello de Bóveda del año 2020 respecto del inmueble de referencia figura [REDACTED] como el primer titular del inmueble.

El IBI es un impuesto de gestión compartida, en el que la gestión catastral corresponde a la Dirección General del Catastro y la gestión tributaria a los Concellos, y por delegación en el caso del Concello de Bóveda a esta entidad. El IBI se regula en los artículos 60 a 77 del Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL), aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

El artículo 77.5 del TRLRHL, dispone que "El Impuesto se gestiona a partir de la información contenida en el padrón catastral y en los demás documentos expresivos de sus variaciones elaborados al efecto por la Dirección General del Catastro sin perjuicio de la competencia municipal para la calificación de inmuebles de uso residencial desocupados. Dicho padrón, que se formará anualmente para cada término municipal, contendrá la información relativa a los bienes inmuebles, separadamente para los de cada clase y será remitido a las entidades gestoras del impuesto antes del 1 de marzo de cada año."

Ante un supuesto de concurrencia de varios titulares en la realización de un único hecho imponible resulta de aplicación lo dispuesto en el artículo 35.7 de la Ley 58/2003, do 17 de diciembre, General Tributaria "La concurrencia de varios obligados tributarios en un mismo presupuesto de una obligación determinará que queden solidariamente obligados frente a la Administración tributaria al cumplimiento de todas las prestaciones, salvo que por ley se disponga expresamente otra cosa. (...) Cuando la Administración sólo conozca la identidad de un titular practicará y notificará las liquidaciones tributarias a nombre del mismo, quien vendrá obligado a satisfacerlas si no solicita su división. A tal efecto, para que proceda la división será indispensable que el solicitante facilite los datos personales y el domicilio de los restantes obligados al pago, así como la proporción en que cada uno de ellos participe en el dominio o derecho transmitido".

El apartado 1.2 del artículo 6 de la Ordenanza General de Gestión, Recaudación e Inspección de los ingresos de derecho público propios de la Diputación Provincial y de los ingresos de derecho público cuya gestión, recaudación e inspección fueron delegadas en la Diputación Provincial de Lugo (BOP de Lugo nº 117 del 24/05/2017), dispone que:

"Si como consecuencia de la información facilitada por la Dirección General del Catastro se conociese más de un titular, esto no implicará la división de la cuota. Non obstante, cuando un bien inmueble o derecho sobre este pertenezca a dos o más titulares, se podrá solicitar la división de la cuota tributaria siempre segundo las cuotas de participación que figuren en el Catastro. Presentada la solicitud, si aún no estuviera aprobado el padrón del impuesto, será aceptada y, sino, se incorporara en el padrón del ejercicio

siguiente, y se mantendrá en los sucesivos hasta que no se solicite su modificación. Si alguna de las cuotas resultase impagada, se exigirá el pago de la deuda a cualquiera de los responsables solidarios."

*En consecuencia, **el IBI del ejercicio 2020 se emite a su nombre por figurar como primer titular** en el listado de los titulares catastrales del inmueble que remite la Gerencia Territorial del Catastro de Lugo, y se liquida por la cuota íntegra por no haberse solicitado la división de la cuota con anterioridad a la aprobación del padrón de ese ejercicio.*

Por ello, no procede aceptar su solicitud respecto a dejar sin efecto el recibo emitido a su nombre, por entender que el recibo es correcto, se ajusta a lo legalmente establecido al efectuarse según los datos contenidos en el padrón catastral correspondiente.

*No obstante, **se procede aceptar su solicitud de reparto de la cuota del IBI para el ejercicio 2021 y siguientes, manteniéndose el reparto mientras no se solicite su modificación o se produzca alguna alteración catastral en la titularidad.***

En relación al escrito del 15/03/2021 le comunico lo siguiente:

*Los ficheros del padrón catastral que remite la Gerencia Territorial del Catastro por medios telemáticos a través de la Sede Electrónica del Catastro se ponen a disposición de esta entidad, para las actuaciones de gestión tributaria del IBI, no son de consulta para los contribuyentes. **Debe dirigirse a la Gerencia del Catastro para solicitar el estado de titulares catastrales del inmueble**, o bien puede acceder a estos datos a través de la Sede Electrónica del Catastro.*

La solicitud de división de la cuota del recibo del año 2020, ya fue contestada en la comunicación recibida por la solicitante el 11/03/2021. El reparto entre los cotitulares del inmueble se efectuará a partir del año 2021, no procede en el año 2020 por no presentar su solicitud con anterioridad a la aprobación del padrón.

*En la comunicación recibida por la solicitante el 11/03/2021 ya se informó que el recibo del año 2020 emitido a su nombre es **CORRECTO**, se ajusta a lo legalmente establecido, al efectuarse según los datos contenidos en el padrón catastral correspondiente.*

CUARTO. A Interesada presenta **recurso diante da Xerencia Territorial do Catastro**, recurso que é rexeitado. A Xerencia indica nos "Antecedentes de feito" que **"LA GESTIÓN TRIBUTARIA Y RECAUDATORIA DEL IMPUESTO SOBRE BIENES INMUEBLES CORRESPONDE AL SERVICIO DE RECAUDACIÓN DE LA DIPUTACIÓN DE LUGO"** e non admite o recurso ao considerarse *non competente*

QUINTO. A solicitude desta institución o **Concello de Bóveda** emite informe con entrada no rexistro da Valedora do Pobo o día 03/06/2021. O informe municipal reitera o recollido no informe da Deputación provincial e indica:

*“(...) 2º O rexistro informático e o documento do listado dos titulares catastrais do inmovible de referencia onde a interesada afirma estar como primeira da listaxe, **son xerados pola Xerencia Territorial do Catastro de Lugo, polo que este Concello non lle pode facilitar información ou documentación da que é completamente allea.***

3º O cambio de titularidade do inmovible en catastro e a súa documentación correspondente é algo que depende directamente da Xerencia Territorial do Castrasto de Lugo, polo que deberá dirixirse a esa Administración para que lle faciliten a documentación que motivou o acordo de alteración catastral, non tendo este Concello acceso á mesma, nin coñecemento do funcionario encargado da súa tramitación”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. Tanto a Deputación de Lugo como o Concello de Bóveda e a Xerencia Territorial do Catastro sinalan nos seus respectivos informes que o IBI é **un imposto de xestión compartida, entre o Catastro, os Concellos e, no seu caso por delegación destes, a Deputación.** Convén lembrar que xestión compartida non debe significar menos dereitos nin máis opacidade para as persoas administradas, senon todo o contrario

SEGUNDO. O dereito á información é un Dereito Fundamental para a defensa dos dereitos da cidadanía e o dereito da cidadanía a unha Administración eficaz depende, na maioría dos casos, da adaptación dos medios materiais e humanos ás obrigacións derivadas da Lei. Partindo pois destas premisas, para aplicar a normativa que necesariamente obriga á cidadanía, **a información que dende a Administración se facilite para poder cumprir a mesma, ten que ser comprensible e de acceso fácil,** de maneira que o principio de accesibilidade o sexa para todos.

TERCEIRO. Non se trata con cumprir formalmente con informar, senón, que **a información cumpra coa finalidade perseguida e, evidentemente, coa eficacia,** sendo este o elemento

crave a ter en conta por calquera Administración. **A seguridade xurídica para a cidadanía depende, en todo caso, dunha resposta concreta, eficaz e áxil de calquera Administración, o que poderíamos resumir como unha “información útil”.**

CUARTO Dos informes remitidos, tanto a esta institución como aqueles que forman parte das respostas aos recursos da interesada, dedúcese que neste caso as administracións non aportaron a información precisa dunha maneira áxil, concreta e accesible, para que a interesada coñecera en prazo a súa nova situación como “primeira titular”, feito de relevancia xa que, según o informe da Deputación: *“En consecuencia, el IBI del ejercicio 2020 se emite a su nombre por figurar como primer titular en el listado de los titulares catastrales del inmueble que remite la Gerencia Territorial del Catastro de Lugo”*

QUINTO. O informe da Deputación de Lugo sinala que ***as administracións eran coñecedoras da existencia de cotitulares, dos seus datos e mesmo das porcentaxes de titularidade de cada un.*** Xa que logo, a administración contaba con todos os datos para proceder á división da liquidación entre cotitulares, cumprindo así o esixido polo artigo 35.7 da Lei xeral tributaria.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Deputación a seguinte **recomendación:**

Tendo en conta que a interesada non obtivo das administracións involucradas información áxil nin precisa que lle permitira exercer os seus dereitos tributarios, recomendamos que atenda a súa solicitude de dividir a liquidación do IBI do ano 2020 entre os distintos titulares, toda vez que son coñecidos e que xa se aceptou dividir o dos vindeiros exercicios.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo